



INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitar

Curso Académico: 2015-2016

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
- Plan de melloras
- Modificacións do plan de estudos

A) DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
Centro responsable	Facultade de Ciencias da Educación
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación (Campus de Santiago de Compostela)
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial (60%), semipresencial (20%), a distancia (10%) e telemática (10%)
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	29/07/2009
Data renovación acreditación	30/04/2015
Curso académico obxecto de seguimento	2015-2016

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Onde se atopa
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Anexo I (Informe da Comisión Académica)
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<u>Web do Título</u>
1,3	E5	Actas do último curso da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade	Anexo II (Actas 2015-2016)
1,7	I1	Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4311773_P.Ind_2015-2016 4311773_INF.16_2015-2016
1	I2	Evolución dos indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4311773_P.Ind_2015-2016 5016_INF.03_2015-2016
2	E6	Páxina web da universidade/centro/título (debe estar incluída como mínimo a información referida no apartado 1B)	<u>Web da USC</u> <u>Web do Centro</u> <u>Web do Título</u>
3	E7	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<u>Web do Centro</u>
3	E8	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC	<u>Web do Centro</u>
3	E9	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<u>Web do Centro</u>
3,7	E10	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Anexo I (Informe da Comisión Académica)
3,7	I3	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4311773_P.Ind_2015-2016 5016_INF.05_2015-2016 4311773_INF.09_2015-2016 5016_INF.10_2015-2016 5016_INF.11_2015-2016 4311773_INF.13_2015-2016 4311773_INF.14_2015-2016 5016_INF.21_2015-2016

3,7	I4	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4311773_P.Ind_2015-2016
4	E11	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4311773_E11_2015-2016
4	E12	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5016_E12_2015-2016
4	E13	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Anexo I (Informe da Comisión Académica)
4	I5	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5016_I5_I6_2015-2016
4	I6	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5016_I5_I6_2015-2016
4	I7	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4311773_INF.13_2015-2016 4311773_INF.14_2015-2016
4	I8	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares	--
4	I9	Evolución dos indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5016_I9_2015-2016
5	E14	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<u>Web do Centro</u>
5	E15	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<u>Web do Centro</u>
5	E16	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Non procede
5	I10	Distribución alumnado por centros de prácticas	Non procede
6	E17	Listaxe de traballos fin de grao/máster do último curso académico (título, titor e cualificación)	Anexo I (Informe da Comisión Académica)
6	E18	Informes das cualificacións de cada unha das materias do título	4311773_INF.15_2015-2016
7	E19	Análise dos resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Anexo I (Informe da Comisión Académica)
6,7	I11	Indicadores de resultados: - Taxa de graduación - Taxa de abandono	4311773_P.Ind_2015-2016 4311773_INF.17_2015-2016

		- Taxa de eficiencia	4311773_INF.18_2015-2016
		- Taxa de rendemento	
		- Taxa de éxito	4311773_INF.19_2015-2016
		- Taxa de avaliación	
7	I12	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4311773_P.Ind_2015-2016
			--
7	I13	Resultados de inserción laboral	4311773_EIL-SIIU_2015-2016

Plan de melloras

NIVEL DE TÍTULO

- Abertas título curso 2015-2016
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - 15-16-MIE-AM1
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - 15-16-MIE-AM2
- Abertas título curso 2016-2017
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - MIE-AM-1
 - MIE-AM-2
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - MIE-AM-5
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - MIE-AM-4
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - MIE-AM-3

NIVEL DE CENTRO

- Abertas centro curso 2015-2016
 - Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - AM-C1
 - Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
 - AM-C2
 - Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
 - AM-C3
- Abertas centro curso 2016-2017
 - Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
 - AM-C5
 - AM-C7
 - Outros criterios
 - AM-C6

NIVEL DE TÍTULO

- Abertas título curso 2015-2016
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - 15-16-MIE-AM1
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - 15-16-MIE-AM2

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	15-16-MIE-AM1 (Curso 2015-2016)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 – Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de vincular a formación teórica con experiencias prácticas.
Definición/ descrición proposta	Realizar algunha saída de campo vinculándoa a diferentes seminarios do Máster.
Datas	Finalización: 01/08/2016; Inicio: 01/03/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Rita Gradaílle Pernas
Tarefa1	Organizar saída de campo vinculándoa a diferentes seminarios do Máster.
Descrición tarefa	Realización dalgunha saída de campo vinculándoa a diferentes seminarios do Máster.
Data prevista de finalización	Finalización: 01/08/2016
Responsable	Rita Gradaílle Pernas
Estado	Debido á falta de financiamento polo momento esta acción tivo que pospoñerse. No curso 2016-17, mediante a participación convocatoria de

	axudas para a realización de prácticas de campo nas titulacións Oficiais da USC, trataremos de obter os recursos precisos para poder poñela en marcha.
Tarefa2	
Descrición tarefa	
Data prevista de finalización	
Responsable	
Estado	

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	15-16-MIE-AM2 (Curso 2015-2016)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Iniciar un seguemento de inserción laboral do alumnado que finaliza os estudos de Máster.
Definición/ descrición proposta	Coñecer as áreas específicas de inserción laboral: <ul style="list-style-type: none"> - Traballo na docencia universitaria - Traballo na docencia de primaria e secundaria - Traballo nas actividades complementarias de lecer e tempo libre - Traballo no movemento asociativo - Traballo en políticas socio-educativas e culturais nas administracións públicas. - Traballo nas redes sociais
Datas	Finalización: 29/07/2016; Inicio: 01/05/2015
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia: --
Responsables	Rita Gradaílle Pernas
Tarefa1	Crear unha base datos con todos/as os/as alumnos/as dende a primeira edición do Máster.
Descrición tarefa	Levarase a cabo a elaboración dunha base datos con todos/as os/as

	alumnos/as que cursaron o Máster dende a súa primeira edición a fin de realizar o seguemento da súa inserción laboral
Data prevista de finalización	Finalización: 29/07/2016
Responsable	Rita Gradaille Pernas
Estado	Executada (18/01/2017)
Tarefa2	Deseño dunha enquisa para os egresados do Máster.
Descrición tarefa	Deseñar unha enquisa orientada aos egresados/as para coñecer a súa situación laboral e a contribución do Máster á mesma.
Data prevista de finalización	Xuño 2016
Responsable	Rita Gradaille Pernas
Estado	Executada (18/01/2017)

- Abertas título curso 2016-2017
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - MIE-AM-1
 - MIE-AM-2
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - MIE-AM-5
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - MIE-AM-4
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - MIE-AM-3

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	MIE-AM-1 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	O estudo da demanda de admisión no Máster e a análise da cifras de preinscrición e perfil dos estudantes de novo ingreso.
Definición/ descrición proposta	Mellorar a difusión do Máster, a nivel nacional e internacional, de cara a incrementar o número de alumnos matriculados.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 30/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Diana Priegue Caamaño
Tarefa1	MIE-AM-1.1
Descrición tarefa	Xestión e utilización de diferentes canles para dar a coñecer o Máster, caso dos anuncios en medios de comunicación, e a difusión do díptico e outra información referida ao Máster aproveitando as posibilidades dos dispositivos tecnolóxicos.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Diana Priegue Caamaño

Estado	Activa
--------	--------

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	MIE-AM-2 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de vincular a formación teórica recibida no Máster con experiencias prácticas.
Definición/ descrición proposta	Realización dalgunha saída de campo vinculándoa a diferentes seminarios/módulos do Máster.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Diana Priegue Caamaño
Tarefa1	MIE-AM-2.1
Descrición tarefa	Diante da necesidade de vincular en maior medida a preparación teórica do Máster con experiencias de carácter práctico, tratarase de levarase de cabo, se dispomos de recursos que o permitan, algunha saída de campo relacionándoa con diferentes seminarios ou módulos do Máster. Se no curso 2016-17 non dispomos de recursos, de cara o seguinte curso académico trataremos de participar na Convocatoria de axudas para a realización de prácticas de campo nas titulacións oficiais da USC.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Diana Priegue Caamaño
Estado	Activa

Sub Tarefa1	MIE-AM-2.1.A
Descrición Sub tarefa	Referencia á realización da saída de campo nos programas das materias obrigatorias implicadas, requisito para poder ser beneficiarios dos recursos vinculados á Convocatoria de axudas para a realización de prácticas de campo nas titulacións oficiais da USC.
Data prevista de finalización	30/06/2017
Persoa responsable	Diana Priegue Caamaño
Estado	Activa

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	MIE-AM-3 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	O nivel de implicación do alumnado no procedemento de enquisa de satisfacción sobre a docencia recibida debe aumentar.
Definición/ descrición proposta	Incrementar a participación dos estudantes do Máster no "Procedemento de enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida".
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 30/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Diana Priegue Caamaño
Tarefa1	MIE-AM-3.1
Descrición tarefa	Acadar unha maior implicación dos estudantes no proceso establecido pola USC para analizar o grao de satisfacción acadado en relación á docencia impartida durante o curso académico 2016-17. Neste senso, ademais de subliñar a importancia da súa participación neste procedementos nas xuntanzas de coordinación que se manteñan co alumnado, trataremos de mellorar a porcentaxe de enquisas cubertas contando coa axuda dos estudantes que son membros da Comisión Académica do Máster.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Diana Priegue Caamaño
Estado	Activa

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	MIE-AM-4 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4 - Recursos humanos
Análise causa	O nivel de participación do profesorado nas enquisas de avaliación da docencia e o seu nivel de satisfacción son mellorables.
Definición/ descrición proposta	Trataremos de incrementar o nivel de implicación do profesorado do Máster no procedemento de avaliación da docencia impartida (curso 2015-16: 70%). Asemade, procurarase a mellora do seu nivel de satisfacción incidindo nos aspectos máis febles, caso do nivel de coñecementos co que chega o alumnado para afrontarse aos contidos das materias do Máster.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 30/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Diana Priegue Caamaño
Tarefa1	MIE-AM-4.1
Descrición tarefa	Realización de actividades formativas orientadas ao alumnado que reforce o nivel coñecementos co que accede á titulación.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Diana Priegue Caamaño
Estado	Activa
Sub Tarefa1	MIE-AM-4.1.A
Descrición Sub tarefa	Deseño e realización de distintas actividades formativas orientadas a reforzar e complementar os contidos impartidos nos distintos módulos do Máster. Se dispomos do financiamento preciso convidaremos a participar

	nestas actividades a expertos externos ao Máster.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Persoa responsable	Diana Priegue Caamaño
Estado	Activa
Tarefa2	MIE-AM-4.2
Descrición tarefa	Procurar unha maior participación no procedemento establecido para valorar a docencia impartida implicando aos grupos de investigación do Máster.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Diana Priegue Caamaño
Estado	Activa

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	MIE-AM-5 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Necesidade de contar coa implicación do alumnado no proceso de elaboración do plan de melloras do Máster.
Definición/ descrición proposta	Trataremos de reforzar as canles de comunicación cos estudantes e de incrementar o seu nivel de participación nos procesos de toma de decisións sobre o Máster e o seu plan de melloras.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Diana Priegue Caamaño
Tarefa1	MIE-AM-5.1
Descrición tarefa	Nomear a un representante do alumnado
Data prevista de finalización	31/10/2016
Responsable	Diana Priegue Caamaño
Estado	Activa
Tarefa2	MIE-AM-5.2
Descrición tarefa	Participación de dous estudantes na Comisión académica que asistan de maneira regular e que se impliquen no deseño das propostas de mellora.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Diana Priegue Caamaño
Estado	Activa

NIVEL DE CENTRO

- Abertas centro curso 2015-2016
 - Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - AM-C1
 - Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
 - AM-C2
 - Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
 - AM-C3

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-C1 (Curso 2015-2016)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	Recomendacións das comisións de acreditación dos títulos do centro sobre a necesidade de coñecer expectativas ante a inserción sociolaboral dos graduados e postgraduados do centro de cara á mellora das saídas profesionais.
Definición/ descrición proposta	Indagar con estratexias de participación a visión do alumnado sobre as saídas profesionais dos títulos do Centro e construción de instrumentos para a identificación de factores que inflúen no coñecemento das saídas profesionais e fo mundo laboral
Datas	Finalización: 30/12/2016; Inicio: 29/04/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-C1.1
Descrición tarefa	Análise de estudos para coñecer instrumentos previos e pensar como extraer coñecemento sobre o tema

Data prevista de finalización	02/05/2016
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa
Tarefa2	AM-C1.2
Descrición tarefa	Entrevistas ao alumnado e grupos de traballo abertos. Deseño do instrumento e aplicación piloto
Data prevista de finalización	26/09/2016
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-C2 (Curso 2015-2016)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa	Escasa ou nula participación de profesionais externos en actividades formativas vinculadas ao título
Definición/ descrición proposta	Calendario de ponencias, conferencias, obradoiros, etc. impartidos por profesionais externos como actividades formativas do título que enriquezan os contidos e vinculen os coñecementos de saídas académico-profesionais
Datas	Finalización: 30/12/2016; Inicio: 25/04/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-C2.1
Descrición tarefa	Calendario de ponencias, conferencias, obradoiros, etc. impartidos por profesionais externos como actividades formativas do título que enriquezan os contidos e vinculen os coñecementos de saídas académico-profesionais
Data prevista de finalización	30/12/2016
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-C3 (Curso 2015-2016)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	Necesidade de mellorar a dotación de material e recursos docentes dos centros
Definición/ descrición proposta	Renovar material informático das aulas e adquirir material de apoio á docencia (micrófonos e equipo de megafonía) ante unha necesidade docente por afección de cordas vocais
Datas	Finalización: 30/12/2016; Inicio: 25/04/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-C3.1
Descrición tarefa	Renovar material informático das aulas
Data prevista de finalización	30/11/2016
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa
Tarefa2	AM-C3.2
Descrición tarefa	Adquirir material de apoio á docencia (micrófonos e equipo de megafonía) ante unha necesidade docente por afección de cordas vocais
Data prevista de finalización	30/11/2016
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

Abertas centro curso 2016-2017

- Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
 - AM-C5
 - AM-C7
- Outros criterios
 - AM-C6

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-C5 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	A pesar dos avances realizados na implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade é necesario seguir profundando na implantación de todos os SGIC e fomentar a participación de todos os colectivos na Garantía de Calidade do Centro.
Definición/ descrición proposta	Revisión do SGIC para adecualo ás características e necesidades da Facultade.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-C5.1
Descrición tarefa	Revisión dos procedementos para simplificalos e adecualos á Facultade. Contarase co apoio da área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

Tarefa2	AM-C5.2
Descrición tarefa	Elaboración e aprobación da planificación estratéxica do Centro. Contarase co asesoramento e apoio do Equipo de Dirección, a CCC e a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa
Tarefa3	AM-C5.3
Descrición tarefa	Elaboración e aprobación da Programación Plurianual do Centro. Contarase co asesoramento e apoio do Equipo de Dirección, a CCC e a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-C6 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Sinálase a necesidade de fomentar desde a Comisión de Garantía de Calidade a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción e que a información que estas enquisas se utilice para a reflexión sobre a mellora do título.
Análise causa	Baixa participación nas enquisas de satisfacción.
Definición/ descripción proposta	Continuar coa difusión para fomentar a cultura da calidade e participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción. Será necesario contar como responsables da implantación ca CCC, o Vicerreitorado de Comunicación e Coordinación e a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-C6.1
Descrición tarefa	Facilitar medios e tempo ao alumnado para fomentar a participación nas enquisas de satisfacción. Contarase co apoio da CCC.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa
Tarefa2	AM-C6.2
Descrición tarefa	Realizar talleres/charlas informativas para concienciar sobre a importancia e a utilidade dos SGIC

Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	M ^a del Carmen Fernández Morante
Estado	Activa
Tarefa3	AM-C6.3
Descrición tarefa	Difusión dos períodos de enquisas e fomento da participación a través de diferentes canles (páxina web centro, correo electrónico, RRSS, pantallas informativas de los centros) co apoio do Decanato, Vicedecanatos e Secretaria do Centro y da Área de Calidade e Mellora de los Procedementos da USC.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	M ^a del Carmen Fernández Morante; Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-C7 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	O alumnado manifesta o seu descoñecemento de que poden participar nas comisións de título a través dos delegados/as de curso.
Definición/ descrición proposta	<p>Mellorar a comunicación ao alumnado sobre a figura dos delegados/as de curso (elección, tarefas, comisións nas que pode participar...), formar aos delegados/as para que coñezan o SGIC e motivar a súa participación nas comisións de título.</p> <p>Contarase co apoio do Decanato e o Vicedecanato de Estudantes e compartirán a responsabilidade da súa implantación as coordinacións de título e de curso.</p>
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-C7.1
Descrición tarefa	<p>Elección formal de delegados de curso con explicación detallada por parte dos coordinadores/as de curso das tarefas e funcións que deben asumir e das comisións nas que poden participar.</p> <p>Responsabilizarse da súa implantación o Vicedecano de estudantes e os/as coordinadores/as de título</p>
Data prevista de finalización	30/11/2016
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

Tarefa2	AM-C7.2
Descrición tarefa	Formación aos delegados/as para que coñeza o SGIC. Responsabilizarse da súa implantación o Vicedecano de estudantes e os/as coordinadores/as de título e curso ademais da vicedecana con responsabilidade en calidade.
Data prevista de finalización	28/02/2017
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa
Tarefa3	AM-C7.3
Descrición tarefa	Motivar a participación dos delegados/as de curso nas comisións de título. Apoiarán esta acción os/as coordinadores/as de título.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtareas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

4. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

ANEXO I.

INFORME DA COMISIÓN ACADÉMICA REUNIDA O 26 DE XANEIRO DE 2017 EN RELACIÓN AO CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

(E3) **Ánalise do perfil real de ingreso/egreso**

En primeiro lugar, cómpre facer referencia a que no curso académico 2015-16 foron cubertas un total de 21 prazas. Esta cifra confirma a tendencia ao incremento progresivo que vimos rexistrando nos últimos cursos académicos. Na táboa seguinte recolleemos os datos dos últimos anos:

	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
Estudantes de novo ingreso	23	17	19	16	21	21

Respecto da procedencia xeográfica dos estudantes de novo ingreso, maioritariamente son de orixe nacional (90,5%). Tan só 2 estudantes de procedencia estranxeira formalizaron a súa matrícula, pese a que o número de preinscricións que rexistrou o Máster ascendeu a un total de 5 persoas. É destacable que todos eles/as sinalaron o Máster como primeira opción de matrícula

De cara próximas edicións consideramos preciso incrementar a difusión da formación ofertada a nivel internacional a fin de elevar o número de estudantes estranxeiros que se interesan polo Máster e inician os seus estudos. De igual maneira, debemos seguir traballando na difusión do Máster noutras Comunidades Autónomas posto que no curso académico 2015-16 non conseguimos aumentar a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia.

O Máster, ao igual que nos cursos anteriores, segue acollendo a estudantes que cursaron titulacións vinculadas á Facultade de Ciencias da Educación, así como titulacións de campos afíns. Particularmente, o alumnado de novo ingreso procede de titulacións de Mestre en Educación Primaria, Mestre en Educación Infantil, Educación Social, Pedagogía, e Traballo Social. Ademais, destacamos que preto do 57% dos estudantes matriculados son egresados da USC e o 100% accedeu á titulación cunha puntuación igual ou superior a seis. Neste senso, debemos subliñar que no curso académico obxecto de seguimento rexistramos un incremento da nota media de

acceso por preinscripción dos estudantes que inician estudos (7,84), respecto do curso anterior (7,49).

(E5) Actas do último curso da Comisión Académica

No Anexo número II recolleemos as actas correspondentes ao curso académico 2015-2016, onde se fai referencia ao cumprimento dos parámetros establecidos no criterio 1 (organización e desenvolvemento do título) e no criterio 3 (SGIC).

(E10) Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)

No que ten que ver coa satisfacción do alumnado coa docencia recibida, en primeiro lugar consideramos pertinente resaltar que situase nunha media de 4.41 (sobre un máximo de 5), cunha participación de preto do 38% do alumnado.

Os aspectos mellor valorados polos estudantes son os relacionados coa resolución das dúbidas que formulan aos profesores das diferentes materias, a axuda proporcionada nas titorías, e as explicacións recibidas sobre os programas e os criterios de avaliación ao inicio da actividade docente.

En canto aos que tiveron menor valoración, se ben en todos os casos superaron amplamente a media de 4.0, debemos facer referencia aos aspectos relacionados co traballo dos docentes para visibilizar a relevancia das materias impartidas para a formación integral dos estudantes (4.24), e os vinculados aos esforzos do profesorado para favorecer a capacidade do alumnado na xestión da información, problemas e/ou solucións segundo a materia obxecto de estudo (4.33).

Xa por último interésanos destacar a evolución positiva do nivel de satisfacción do alumnado dende o curso académico 2011-2012, no que a media rexistrada foi 3.75. Na táboa seguinte recóllense as cifras referidas aos últimos cursos académicos:

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
Media enquisas de satisfacción	3.75	4.23	4.08	4.03	4.41

En definitiva, podemos concluír que a valoración dos estudantes sobre a docencia recibida no Máster mellorou nos últimos cursos académicos e, de maneira máis evidente, no 2015-16.

De cara os vindeiros cursos deberíamos incrementar a participación dos estudantes neste procedemento e seguir cumprindo coas expectativas do alumnado a nivel de calidade docente.

(E13) Análise das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)

Atendendo agora á valoración media das enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, cunha participación do 70%, a media acadada sitúase en 3.98 (sendo 5 o valor máximo).

Entre os aspectos mellor valorados polos docentes do Máster o primeiro posto ten que ver coa satisfacción na relación co alumnado tanto nas sesións de aula como nas titorías (4.42). A valoración realizada respecto, dunha parte, da coordinación entre os distintos profesores das materias que se imparten por máis dun docente (4.40), e doutra, da utilidade do material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade para o desenvolvemento da materia (4.20), son dimensións que acadan puntuacións superiores á media.

No extremo contrario atopamos o nivel de coñecementos co que chega o alumnado para afrontar os contidos da materia que acada, de maneira moi evidente, unha valoración baixa (3.04). Ao igual que no curso anterior, no 2015-16 intentando compensar as posibles carencias de formación do alumnado, puxéronse en marcha distintas actividades orientadas a reforzar e complementar os contidos impartidos.

Como desafío para os vindeiros cursos académicos establecemos a mellora dos niveis de participación dos docentes no máster neste procedemento de análise da docencia impartida. Asemade, trataremos de seguir deseñando e desenvolvendo actividades formativas complementarias aos diferentes módulos do Máster.

(E17) Listaxe de traballos fin de máster do último curso académico (título, titor e calificación)

❖ Convocatoria febreiro 2016

Alumna: Erika Marcela Martínez Sousa

Título: Educación para a solidariedade interxeracional: unha proposta para os programas interxeracionais

Titora: M^a del Carmen Gutiérrez Moar

Cualificación: Aprobado (6)

Alumno: Wang Quan

Título: Análise comparativa da ensinanza primaria no sistema educativo chinés e español

Titora: M^a Esther Olveira Olveira

Cualificación: Aprobado (6.5)

❖ Convocatoria xullo 2016

Alumna: Diana Morela Escobar Arias

Título: A educación da nenez en contextos de violencia sociopolítica. Percepcións de mulleres líderes comunitarias do municipio de Yumbo (Colombia)

Titora: M^a Belén Caballo Villar

Cualificación: Sobresaliente (9.5)

Alumna: Sabela Pico Lombán

Título: Educación afectiva e educación da afectividade. O punto de partida dende emocións, sentimentos e valores

Titor: José Manuel Touriñán López

Cualificación: Notable (7.4)

Alumna: Andrea Villar Lamas

Título: Conciliación laboral, familiar e persoal en igualdade en familias de Valladolid de diversa composición

Titora: Rita Gradaílle Pernas

Cualificación: Sobresaliente (9)

Alumno: José Peleteiro Otero

Título: Aprendizaxe cooperativa e desenvolvemento da creatividade na Educación Primaria

Titora: Diana Priegue Caamaño

Cualificación: Notable (7.4)

Alumna: Jesica Núñez García

Título: A maternidade e a paternidade dende a prisión: bases pedagóxicas para un programa de educación familiar

Titora: Mar Lorenzo Moledo

Cualificación: Sobresaliente (10)

❖ Convocatoria setembro 2016

Alumno: Pablo Méndez Bravo

Título: Análise da correspondencia entre o papel das mestras e dos mestres de Educación Primaria na literatura científico-académica e nas leis de educación dende 1970

Titor: Antonio Rodríguez Martínez

Cualificación: Notable (7.5)

Alumna: Adriana Bermúdez Rego

Título: As emocións e a lectura nas aulas de primeiro de educación primaria. Proxecto de educación emocional “Emociónate lendo”

Titora: M^a Carmen Gutiérrez Moar

Cualificación: Notable (8.5)

Alumno: Telmo Sayáns Amo

Título: A música como ferramenta educativa na aula de Educación Especial

Titora: Silvana Longueira Mato

Cualificación: Ben (6)

Alumno: Xoel Gutiérrez Roca

Título: Prácticas e innovacións pedagóxicas no contexto rural galego: as “Escolas Agrícolas” (anos 50-60 do S.XX) como expresión de Escola Nova

Titor: Antón Costa Rico

Cualificación: Sobresaliente (10)

Alumna: Sabela Insua Asorey

Título: Construción dun programa para a eliminación da brecha de xénero en prisións

Titor: Antonio Rodríguez Martínez

Cualificación: Aprobado (5)

Alumna: Katty Yamamoto Umezaki

Título: Diversidade cultural e competencias interculturais: análise de contido de materiais educativos dispoñibles en Aula Intercultural, Caderno Intercultural e Entreculturas para alumnado de Educación Primaria

Titora: Lucía Iglesias da Cunha

Cualificación: Aprobado (5.5)

Alumno: Alejandro Pérez Díez

Título: A educación ambiental no sistema educativo: proxectos e experiencias de educación primaria en Galicia (1986-2016)

Titora: Silvana Longueira Matos

Cualificación: Notable (8)

Alumna: Eva Garea Mato

Título: A perspectiva sociocomunitaria da escola. Estado da cuestión

Titora: M^a Carmen Morán de Castro

Cualificación: Sobresaliente (9)

Alumno: Alejandro Gorgal Romarís

Título: O cambio climático dende a educación: unha revisión bibliográfica

Titor: Pablo Meira Cartea

Cualificación: Notable (7.5)

Alumna: M^a Dolores Cancela Bouzas

Título: A educación lingüística na infancia. O bilingüismo galego como factor do desenvolvemento da competencia comunicativa noutros idiomas

Titora: M^a Esther Olveira Olveira

Cualificación: Sobresaliente (9.5)

Alumno: Diego Santiago Pantín

Título: As tertulias dialóxicas: unha estratexia educativa na Comunidade de aprendizaxe de Castroverde, Galicia

Titor: Germán Vargas Callejas

Cualificación: Notable (7)

Alumna: Laura Tartilán Martínez

Título: A educación social nos procesos de tránsito á vida adulta dos mozos en dificultade social

Titora: Laura M^a Varela Crespo

Cualificación: Notable (8.5)

(E19) Análise dos resultados do título

Posto que o Máster ten un carácter investigador, entendemos analizar o nivel de inserción laboral do alumnado require ten en conta o nivel de acceso aos estudos de Doutoramento. Neste senso, da relación de alumnado de novo ingreso matriculado no curso académico 2015-16, finalmente foron tres as persoas que accederon á fase de Doutoramento.

Ademais, atendendo aos resultados do título, en primeiro lugar debemos ter en conta que a ratio de estudantes por profesor a tempo completo (1.95) é superior á media da USC (1,46), situación que tamén se observa na media de alumnos/as por grupo de teoría (16,84) e por grupo de docencia interactiva (17.80). A pesar disto, a taxa de éxito no Máster (99,53) é lixeiramente superior á media rexistrada na USC (99,29) e, ademais, a cifra acadada no curso 2015-16 outórgalle unha maior visibilidade á mellora rexistrada neste indicador nos últimos cursos académicos. A taxa de rendemento experimentou unha melloría notable (81,89) respecto do curso 2014-2015 (67,69), pero debemos seguir avanzando na redución da distancia que nos separa da media da USC, tal e como sucede tamén cos datos referidos á taxa de Graduación.



ANEXO II

- ACTAS CURSO ACADÉMICO 2015-2016
- ACTAS VINCULADAS AO CUMPRIMENTO DO CRITERIO 3 (SGIC).

ASISTENTES:

Caballo Villar, M^a Belén
Caride Gómez, José Antonio
Gradaílle Pernas, Rita
Gutierrez Moar, Carmen
Iglesias da Cunha, Lucía
Morán de Castro, Carmen
Olveira Olveira, M^a Esther
Peña Saavedra, Vicente
Vara Coomonte, Antonio
Varela Crespo, Laura
Vargas Callejas, Germán

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN
ACADÉMICA DO MÁSTER DE
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,
DIVERSIDADE CULTURAL E
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA CELEBRADA O 14 DE
SETEMBRO DE 2015.**

A xuntanza comezou ás trece horas coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia os profesores e profesoras Antón Costa Rico, Alicia Díaz Balado, María del Carmen Gutiérrez Moar, Pablo Meira Cartea, Uxío Otero Urtaza.

No **primeiro** punto da orde do día a coordinadora do máster, profesora Rita Gradaílle, agradece a confianza e o apoio prestado polo profesorado do Departamento para que ela e a profesora Diana Priegue asuman o labor de coordinación. Informa, entre outros, dos seguintes asuntos:

- Ao igual que no pasado curso académico, e co obxectivo de ampliar a difusión do máster, emitiuse un anuncio na TVG conxuntamente co máster de Procesos de Formación. No cuestionario avaliativo que se aplicará ao finalizar o módulo I, introducirase algún ítem que permita coñecer a eficacia desta medida.
- Para o curso 2015-2016 o máster de Investigación en Educación acadou unha preinscrición de 37 persoas en primeira opción e 5 en segunda.
- Das matrículas formalizadas, 20 son de persoas con nacionalidade española e 2 doutras nacionalidades. O perfil maioritario é maxisterio, contando tamén con alumnado de pedagogía, psicopedagogía, educación social, historia e traballo social. Enviarase ao alumnado unha carta de benvida co horario definitivo do máster.

- Finalizado o prazo de matrícula contábase con 3 prazas vacantes, que se autorizou a cubrir.
- Na comisión académica celebrada o día 15 de xullo acordouse que, na alternancia establecida polas profesoras Rita Gradaílle e Diana Priegue para coordinar o máster nos cursos académicos 2015-2016 e 2016-2017, asumiría a coordinación do módulo VI (TFM) a profesora que non estivese desempeñando a coordinación. A situación de baixa por maternidade da profesora Diana Priegue require que outro profesor ou profesora asuma esta función ata a súa incorporación. Invítase ao profesorado interesado a presentar a súa candidatura para realizar a devandita coordinación.
- Estanse introducindo na plataforma do Ministerio as modificacións do máster que viñeron aprobadas.

No **segundo** punto da orde do día dáse lectura ao escrito da alumna Lucía Flora López Pérez solicitando cambio de titor no TFM. A coordinadora do máster mantivo unha conversa cos titores actuais, profesores Antonio Vara e María del Carmen Gutiérrez, que acceden a cesar no labor de orientación. Contactou, tamén co profesor Miguel Santos, proposto pola alumna como novo titor, pero por motivos de carga de traballo declina esta proposta. Procédese a ler o novo proxecto de TFM que presenta a alumna e, constatando que non coincide coas liñas de investigación do máster, acórdase que se lle solicitará unha nova proposta de tema e se lle asignará outro titor ou titora para o curso académico 2015-2016.

No **terceiro** punto da orde do día apróbase o calendario de defensa para os sete Traballos Fin de Máster depositados na convocatoria de setembro (ver anexo).

A petición da profesora Esther Olveira, abórdase o caso do alumno Wang Quang, que insiste en presentar o TFM nesta convocatoria sen o visto e praxe da súa titora. A Comisión Académica considera o dereito do alumno a ser examinado, polo que acorda autorizar a súa presentación.

No **cuarto** punto da orde do día, acórdase incorporar como condición para a avaliación por módulos estar matriculado de todos eles, cun mínimo de dúas materias en cada un, no caso dos módulos II, III, IV e V. As queixas trasladadas polo alumnado do pasado ano, respecto de que algúns titores recomendaban non matricular materias no módulo V para ter máis tempo para elaborar os TFM, leva a tomar esta decisión; co compromiso de revisar o calendario académico para o vindeiro curso académico, intentando buscar unha mellor distribución horaria que permita liberar tempos para avanzar no TFM.

Apróbase a solicitude de matrícula a tempo parcial -por motivos laborais- da alumna Lidia Garrido Gómez.

No **quinto** punto da orde do día non se realizan rogos nin preguntas.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as catorce horas do día catorce de setembro de 2015, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria Accidental

Visto e Prace

A Coordinadora

Asdo.: M^a Belén Caballo Villar

Asdo.: Rita Gradaille Pernas



ASISTENTES:

Caballo Villar, M^a Belén
Caride Gómez, José Antonio
Lorenzo Moledo, M^a del Mar
Olveira Olveira, M^a Esther
Peña Saavedra, Vicente

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN
ACADÉMICA PERMANENTE DO
MÁSTER DE INVESTIGACIÓN EN
EDUCACIÓN, DIVERSIDADE CULTURAL
E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA CELEBRADA O 9 DE
NOVEMBRO DE 2015.

A xuntanza comezou ás nove horas coa presenza dos membros que figuran á marxe.

No **primeiro** punto da orde do día a coordinadora do máster, profesora Rita Gradaílle, presenta a solicitude de exención de docencia -por motivos laborais- e de avaliación por módulos da alumna Vanesa Sánchez Villaverde. Matriculada a tempo parcial, ten xa realizada a metade do máster, polo que a comisión acorda, de forma excepcional e por esta razón, recoñecerlle a exención de docencia. Dado que non asistirá a clase, e este é un requisito básico establecido no contrato de avaliación por módulos, acórdase non autorizar esta modalidade de avaliación e que a alumna sexa avaliada conforme ao programa de cada materia.

Preséntase tamén a solicitude de exención parcial de docencia -por motivos laborais- da alumna Cristina Lastra González, que afecta ás materias Educación social e políticas culturais, e A relación da ILE cos movementos pedagóxicos europeos. A comisión recoñece a exención parcial de docencia solicitada.

No **segundo** punto da orde do día a coordinadora do máster presenta a situación das alumnas Aldara Gómez Vega e Laura Garrido Nebril, matriculadas nas prazas vacantes unha vez finalizado o primeiro prazo de matrícula. No momento de efectualas descoñecían a posibilidade de avaliación por módulos e, ademais, xa finalizara o prazo de modificación de matrícula. A coordinadora do máster realizou un escrito argumentando esta situación e solicitando á unidade de matrícula que se lles facilitase a modificación fóra de prazo para poder acollerse aos requisitos da avaliación por módulos pero, cando foron á UXA, non se lles autorizou o cambio. Acórdase que a coordinadora do máster chame directamente ao xefe de servizo para explicar a situación. No caso de que, finalmente, non se logre a modificación de matrícula, reunirse de novo á comisión para analizar a situación no que respecta á avaliación por módulos.



Sen máis asuntos que tratar e sendo as nove horas e vinte minutos do día nove de novembro de 2015, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria accidental

Visto e Prace

O Director

Asdo.: M^a Belén Caballo Villar

Asdo.: José Antonio Caride Gómez

ASISTENTES:

Caballo Villar, M^a Belén
Caride Gómez, José Antonio
Costa Rico, Antón
Díaz Balado, Alicia
Gradaílle Pernas, Rita
Iglesias da Cunha, Lucía
Lorenzo Moledo, Mar
Meira Cartea, Pablo
Olveira Olveira, M^a Esther

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN
ACADÉMICA DO MÁSTER DE
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,
DIVERSIDADE CULTURAL E
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA CELEBRADA O 20 DE
NOVEMBRO DE 2015.**

A xuntanza comezou ás nove horas e cinco minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia os profesores e profesoras Silvana Longueira Matos, Vicente Peña Saavedra, Antonio Rodríguez Martínez, Miguel Anxo Santos Rego e Germán Vargas Callejas.

No **primeiro** punto da orde do día apróbase a acta da comisión académica permanente do máster celebrada o 27 de xullo de 2015; tamén as das reunións das comisións académicas celebradas o 15 de xullo e o 14 de setembro de 2015.

No **segundo** punto da orde do día a coordinadora do Máster, profesora Rita Gradaílle, informa dos seguintes asuntos:

- O 18 de novembro finalizouse o labor de subir á plataforma Verifica a memoria do máster, proceso lento e laborioso pola complexidade da propia aplicación e o nivel de desagregación de datos que require. Prevese que sexa devolta porque na memoria do máster non figuran as competencias xerais nin as transversais. Reunirase á comisión redactora do máster para que organice as competencias que figuran na memoria tendo en conta a súa clasificación en xerais, básicas, específicas, de módulo e transversais, redactando aquelas que sexa preciso para completar estes apartados.
- Tal e como foi acordado na comisión permanente celebrada o día 9 de novembro deste mesmo ano, a coordinadora do máster contactou coa xefa de División de Matrícula e Expedientes para interesarse pola modificación solicitada polas alumnas Aldara Gómez Vega e Laura Garrido Nebril, de

forma que puidesen acollerse á avaliación por módulos. Tras clarificar que esta modificación non repercutía na expedición do título, porque o máster non conta con mencións, comunicouse que no caso da primeira das alumnas seguramente se informaría de forma positiva, porque a súa matrícula foi posterior ao peche do prazo de modificacións; non así no caso da segunda.

Finalmente, a resolución foi negativa para ambas, polo que solicitan da comisión académica que se revise o seu caso particular, pois tan só teñen unha materia fóra de lugar para cumprir cos requisitos da avaliación por módulos. Convocarase unha reunión a fin de analizar a solicitude.

- Mantívose unha reunión co alumnado para explicar a situación da materia Políticas educativas, inmigración e benestar social, afectada pola baixa maternal da profesora Diana Priegue. A Xunta de Galicia non autorizou un profesor substituto e o Departamento, dada a súa sobrecarga docente, non está en condicións de asumir as súas clases. Acórdase seleccionar uns textos básicos de entre os recomendados na bibliografía da materia para que o alumnado supla coa súa lectura as clases. A profesora Mar Lorenzo encargárase de realizar esta selección, que se integrarán no traballo do seminario, no que tamén asume docencia o profesor Antón Costa.

A raíz da reunión mantida co alumnado, estes manifestan o seu malestar pola carga de traballos específicos que se están solicitando para a avaliación de materias, cando teñen asinado o contrato de avaliación por módulos (ver anexo I). O profesorado presente na comisión indica que hai que diferenciar entre materias semipresenciais e virtuais –que polo seu carácter requiren de un traballo que permita abordar os contidos do programa– e as materias presenciais que, no caso da avaliación por módulos, non poden solicitar traballos que vaian máis alá das prácticas de aula. Acórdase convocar unha reunión co profesorado dos módulos II e III para resolver esta cuestión.

- O alumnado do máster elixe como representante á Diana Escobar Arias, que se incorporará ás reunións da comisión académica do máster, con voz e sen voto.

No **terceiro** punto da orde do día apróbase o informe anual de seguimento do Máster de Investigación en educación, diversidade cultural e desenvolvemento comunitario correspondente ao curso académico 2014-2015.

No **cuarto** punto da orde do día non se presentan peticións nin preguntas.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte de novembro de 2015, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria Accidental

A Coordinadora

Asdo.: M^a Belén Caballo Villar

Asdo.: Rita Gradaille Pernas

ANEXO I

Fecha: 18/11/2015

Siendo las 18:15 PM, Nos hemos reunido Alumnos/as del Máster “Investigación en Educación, Diversidad Cultural y Desarrollo Comunitario” y la coordinadora Rita Gradaílle mencionando las siguientes cuestiones:

- La profesora Rita Gradaílle nos informa la falta de un profesor/a sustituto para cubrir las horas de la Materia “Políticas Educativas, Inmigración y Bienestar social” en la parte designada a la profesora Diana Priegue, y la imposibilidad de alterar la estructura del Máster; de ahí que se intentará contactar con la profesora Diana Priegue para que pueda facilitar un Dossier con el fin de que el alumnado pueda seguir el desarrollo de la materia.
- Frente a esto manifestamos que estamos de acuerdo, siempre y cuando esto no vaya a representar hacer otro trabajo. Dado que, actualmente sumando los trabajos hasta el Módulo 3 y sus respectivas materias tenemos más de 7 trabajos para entregar antes del 15 de Enero (esto sin contar avances a entregar del TFM). En esta reunión dejamos por sentado que nos sentimos inconformes, entre lo estipulado en el contrato de evaluación por módulos y el tratamiento real que se le ha venido dando al desarrollo de las materias. Dado que, específicamente en los cursos de, “Toma de decisiones en política educativa” y “Educación en valores, sociedad civil y desarrollo cívico”, se han encargado diversos trabajos en los cuales la dedicación temporal es mucho mayor, y no se llevaron a cabo en “prácticas dentro de clase” como si pasó con materias del Módulo 1. Por tanto, queremos solicitar la revisión a quienes corresponda del cumplimiento de los acuerdos de la evaluación por módulos y sus respectivos criterios.

- Finalmente, elegimos la alumna **Diana Escobar Arias** como representante del Master “Investigación en Educación, Diversidad Cultural y Desarrollo Comunitario”. (2015). Siendo las 19:10 PM se da por terminada la reunión.

ASISTENTES:

Caballo Villar, M^a Belén
Caride Gómez, José Antonio
Costa Rico, Antón
Díaz Balado, Alicia
Gutiérrez Moar, M^a Carmen
Meira Cartea, Pablo
Morán de Castro, M^a Carmen
Olveira Olveira, M^a Esther
Peña Saavedra, Vicente
Rodríguez Martínez, Antonio
Varela Crespo, Laura
Vara Coomonte, Antonio
Vargas Callejas, Germán

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN
ACADÉMICA DO MÁSTER DE
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,
DIVERSIDADE CULTURAL E
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA CELEBRADO O 28 DE
XANEIRO DE 2016.

A xuntanza comezou ás doce horas e cinco minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia as profesoras Rita Gradaílle Pernas -coordinadora do máster-, Silvana Longueira Matos e Mar Lorenzo Moledo.

No **primeiro** punto da orde do día apróbanse as actas da sesión da Comisión Académica Permanente celebrada o 9 de novembro de 2015, e a da Comisión Académica celebrada o 20 de novembro de 2015.

No **segundo** punto da orde do día non hai temas que informar.

No **terceiro** punto da orde do día apróbase revogar a delegación de funcións da Comisión Académica do Máster no Consello de Departamento.

No **cuarto** punto da orde do día apróbase o seguinte calendario para a presentación e defensa do TFM no curso académico 2015-2016:

Convocatoria	Prazo de depósito	Prazo de defensa
Febreiro	ata as 14 horas do 05/02/2016	entre o 15 e o 19 de febreiro de 2016
Xullo	ata as 14 horas do 01/07/2016	entre o 11 e o 15 de xullo de 2016
Setembro	ata as 14 horas do 09/09/2016	entre o 16 e o 22 de setembro de 2016

Infórmase do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela que se aprobará proximamente (documento remitido aos membros da Comisión Académica coa convocatoria da xuntanza). Non se presentan suxestións para enviar ao respecto.

No **quinto** punto da orde do día, de rogos e preguntas, o profesor Antonio Vara comunica que, dado que se xubila ao remate do presente curso académico e ten asignada a titorización do TFM dunha alumna do máster, ten acordado coa profesora Lucía Iglesias -coordinadora desta materia- incorporar como codirectora á profesora María del Carmen Gutiérrez -que amosa a súa conformidade-, de xeito que se a alumna non se presenta na convocatoria de xullo, poida estar garantida a continuidade da titorización.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as doce horas e vinte e cinco minutos do día vinte e oito de xaneiro de 2016, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria Accidental

A Coordinadora

Asdo.: M^a Belén Caballo Villar

Asdo.: Rita Gradaille Pernas

ASISTENTES:

Caballo Villar, M^a Belén
Caride Gómez, José Antonio
Gradaílle Pernas, Rita
Gutiérrez Moar, M^a Carmen
Iglesias da Cunha, Lucía
Meira Cartea, Pablo
Olveira Olveira, M^a Esther
Rodríguez Martínez, Antonio
Crespo Varela, Laura

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN
ACADÉMICA DO MÁSTER DE
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,
DIVERSIDADE CULTURAL E
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA CELEBRADA O 18 DE
FEBREIRO DE 2016.

A xuntanza comezou ás doce horas coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia a profesora Silvana Longueira Matos e o profesor Antonio Vara Coomonte.

No **primeiro** e único punto da orde do día, tras a explicación por parte da coordinadora das obxeccións presentadas, apróbanse as alegacións ao informe de avaliación da ACSUG.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as doce horas e vinte minutos do día dezaoito de febreiro de 2016, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria Accidental

A Coordinadora

Asdo.: M^a Belén Caballo Villar

Asdo.: Rita Gradaílle Pernas

ASISTENTES:

Caballo Villar, M^a Belén
Caride Gómez, Antonio
Díaz Balado, Alicia
Gradaille Pernas, Rita
Gutiérrez Moar, M^a Carmen
Iglesias da Cunha, Lucía
Lorenzo Moledo, M^a del Mar
Meira Cartea, Pablo
Olveira Olveira, M^a Esther
Priegue Caamaño, Diana
Rodríguez Martínez, Antonio
Varela Crespo, Laura

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN
ACADÉMICA DO MÁSTER DE
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,
DIVERSIDADE CULTURAL E
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA CELEBRADA O 26 DE
MAIO DE 2016.**

A xuntanza comezou ás nove horas e dez minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpa a asúa ausencia os profesores Vicente Peña Saavedra, Antón Costa Rico e M^a del Carmen Morán.

No **primeiro** punto da orde do día apróbanse as actas das Comisións Académicas do Máster de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario celebradas o 28 de xaneiro e o 18 de febreiro de 2016.

No **segundo** punto da orde do día a profesora Rita Gradaille, coordinadora do máster de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario informa, entre outros, dos seguintes asuntos:

- Solicitouse unha axuda económica para actividades formativas complementarias, deseñadas en función dos módulos do máster. Algunha das actividades será compartida co Máster en procesos de Formación.
- Elaborouse unha proposta de calendario para o vindeiro curso que procura adiantar o comezo das clases para rematar antes o segundo cuadrimestre, de xeito que o alumnado teña máis tempo para dedicar ao TFM. Ábrese un diálogo en torno a esta cuestión e acórdase que, dado que o período de matrícula se prolonga durante todo o mes de setembro, comezaránse as clases como no presente curso, pero compactaríanse os horarios a partir de novembro (eliminando os días libres entre seminarios), de xeito que se poida rematar antes a docencia.

No **terceiro** punto da orde do día, ábrese un debate en torno ao módulo I do máster, dado que a xubilación do profesor Antonio Vara deixa sen cubrir 21 horas de docencia. O profesorado presente no Consello realiza diferentes propostas de contido que sería preciso abordar ou profundizar no devandito módulo: metodoloxía cuantitativa e cualitativa, manexo de paquetes estatísticos, desenvolvemento das cuestións metodolóxicas vinculadas ás temáticas das materias doutros módulos...

Dado que hai certa premura pola necesidade de aprobar o POD, acórdase desligar a decisión que se tome para o vindeiro curso académico da solución a medio prazo, que require analizar este módulo I desde a perspectiva de transversalidade cos restantes. Alúdese, tamén, á necesidade de revisar o equilibrio de encargo docente no máster, pois existe unha gran diferenza entre os que máis e menos asumen.

De cara ao curso 2016-2017, acórdase que os tres profesores con menos encargo docente no módulo I (Lucía Iglesias, Antón Costa e José Antonio Caride), asuman a docencia da materia “Metodoloxía de investigación para o cambio socioeducativo”, que se enfocará desde a perspectiva de ampliación dos contidos das tres materias restantes do módulo. A profesora Lucía Iglesias solicita poder concentrar a docencia que ten asignada no módulo I para traballar nunha soa materia. Acórdase que ela asumirá dous créditos en “Metodoloxía cualitativa na investigación socioeducativa” e o profesor Caride outros dous créditos na materia “Metodoloxía de investigación para o cambio socioeducativo”.

No **cuarto** punto da orde do día apróbase o tribunal que vulgará os TFM na convocatoria de xullo e setembro (2016-2017) e febreiro (2017-2018), seguindo os criterios aprobados en cursos anteriores (un profesor ou profesora titular e un suplente por cada equipo de investigación).

Tribunal titular

Dr. Miguel Anxo Santos Rego

Dr. Antonio Rodríguez Martínez

Dr. Pablo Meira Cartea

Tribunal suplente

Dra. Diana Priegue Caamaño

Dr. Vicente Peña Saavedra

Dr. Antón Costa Rico

No **quinto punto** da orde do día a profesora Esther Olveira presenta a iniciativa impulsada desde o programa de IV Ciclo Universitario para incorporar alumnado maior nas aulas de grao, potenciando así a interxeracionalidade.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de maio de 2016, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria

Visto e Prace

A Coordinadora

Asdo.: Diana Priegue Caamaño

Asdo.: Rita Gradaille Pernas

ASISTENTES:

Gradaílle Pernas, Rita
Lorenzo Moledo, M^a del Mar
Meira Cartea Pablo
Priegue Caamaño, Diana
Rodríguez Martínez, Antonio
Santos Rego, Miguel A.
Vieites Torreiro, Dolores

BORRADOR DA ACTA DA REUNIÓN DA
COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER DE
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,
DIVERSIDADE CULTURAL E
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA CELEBRADA O 26 DE
XANEIRO DE 2017.

A xuntanza comezou ás dez horas coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia os profesores e profesoras José Antonio Caride, Silvana Longueira Matos, e Uxío Otero Urtaza; e os alumnos Freire Pérez Juan Jesús e González Roel Valeria.

No **primeiro** punto da orde do día a coordinadora do Máster, a profesora Diana Priegue, fai referencia ao deber de levar a cabo a análise e toma de acordos en relación a elaboración do informe de seguemento do Máster correspondente ao Curso Académico 2015-16. En concreto, comenta que, como xa sabe a Comisión, o informe debe recoller a análise dos seguintes aspectos:

- (E3) Análise do perfil real de ingreso/egreso
- (E5) Actas do último curso da Comisión Académica
- (E10) Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)
- (E13) Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)
- (E17) Listaxe de traballos fin de máster do último curso académico (título, titor e cualificación)
- (E19) Análise dos resultados do título
- Propostas de mellora

A coordinadora lembra que previamente xa foi enviado por e-mail a todos os membros da Comisión Académica un borrador do estudo e análise das evidencias requiridas e, logo do prazo establecido, lle foron enviadas suxerencias respecto do texto elaborado. Introducidas as melloras sinaladas polos membros da Comisión, a Coordinadora presenta o documento definitivo que finalmente é aprobado.

No **segundo** punto da orde do día non se realizan rogos nin preguntas.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as 10.45 horas do día 26 de xaneiro de 2017, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria

Visto e Prace

A Coordinadora

Asdo.: Rita Gradaílle Pernas

Asdo.: Diana Priegue Caamaño

ASISTENTES:

Armas Castro, Xosé
Caballo Villar, M^a Belén
Eirín Nemiña, Raúl
Gewerc Barujel, Adriana
Gillanders, Carol
Méndez Lois, María José
Morán de Castro, Carmen
Sánchez Castaño, M^a Teresa

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA
COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE
DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA CELEBRADA O 23 DE
NOVEMBRO DE 2015.

A xuntanza comezou ás doce horas e trinta e cinco minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia as profesoras Isabel García-Rodeja Gayoso e Rita Gradaílle Pernas.

No **primeiro** punto da orde do día apróbase a acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade celebrada o trinta de outubro de dous mil catorce.

No **segundo** punto da orde do día a presidenta da Comisión de Calidade, profesora María José Méndez, informa, entre outros, dos seguintes asuntos:

- Nunha facultade con sete títulos a Comisión de Calidade ten escasa funcionalidade, pois os acordos tómanse nas Comisións Académicas dos respectivos títulos e a de Calidade ratifica, se procede, ditos acordos. Agradece o labor do profesorado que coordina os títulos e do profesorado implicado nas comisións.
- Resulta necesario activar a plataforma de calidade para facilitar o intercambio de información.
- Explica as diferentes accións de mellora que a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC enviou aos centros para que cada un as adaptase á súa singularidade e as incorporase nas memorias dos títulos. Avanza que no curso académico actual, 2015-2016, hai que adecuar a Sistema de Garantía Interno de Calidade do centro ao Programa Marco e facer a memoria de calidade. Esta acción acaba de ser establecida como requisito para poder solicitar financiación para accións de mellora. No curso vindeiro, 2016-2017, o centro deberá elaborar o plan estratéxico e a programación plurianual.

O profesorado da Comisión de Calidade manifesta a súa disconformidade coa forma en que se están a xestionar os procesos de calidade e insístese na necesidade de revisalos; compártese unha sensación de frustración polo moito tempo invertido neles e o escaso impacto que producen.

Acórdase elevar un escrito á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC para poñer de manifesto esta situación e solicitar que se busquen alternativas: o alumnado e o profesorado apenas participa cubrindo as enquisas de satisfacción porque non se lles ve utilidade, non son vinculantes e non se percibe

que axuden a transformar a realidade; os formatos das memorias resultan excesivamente ríxidos, a información non é clara e vai chegando aos poucos, os prazos resultan moi xustos, o traballo se realiza a maiores da moita carga que o profesorado xa ten....

Por último, ábrese unha rolda de intervencións na que os coordinadores e coordinadoras dos máster informan brevemente das memorias elaboradas e das accións de mellora que se propoñen.

No terceiro punto da orde do día apróbanse os informes de seguimento do curso académico 2014-2015 dos seguintes títulos: Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas; Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario; Máster Universitario en Procesos de Formación.


No cuarto punto da orde do día, de peticións e preguntas, a profesora Carol Gillanders solicita que a Facultade convoque axudas específicas para apoiar a innovación docente. A Presidenta da Comisión de Calidade indica que o CeTa ten unha liña de traballo neste sentido e que cómpre explorar primeiro esa vía.

A profesora Adriana Gewerc argumenta a necesidade de activar procesos de formación a medida na Facultade e solicita do decanato que se organice algún curso de formación transversal a todos os títulos, por exemplo, vinculado ao plan estratéxico de facultade que haberá que deseñar.

A partir desta suxestión vanse apuntando outras: a profesora Carmen Morán suxire abrir un foro de reflexión en torno á educación, complementando o carácter meramente instrumental da actual oferta do PFID, tamén, a posibilidade dalgunha acción vinculada ao practicum que permitise implicar aos titores nas institucións. O profesor Xosé Armas propón activar procesos formativos relacionados cos problemas de formación identificados en cada título.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día vinte e tres de novembro de dous mil quince, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria



Asdo.: M^a. Belén Caballo Villar

Visto e Prace

A Presidenta da Comisión



Asdo.: María José Méndez Lois

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN CELEBRADA O 20 DE XANEIRO DE 2016

ASISTENTES:

Armas Castro, Xosé
Cebreiro López, Beatriz
Eirín Nemiña, Raúl
Gillanders, Carol
Méndez Lois, María José
Morán de Castro, Carmen
Radl Phillips, Rita
Sánchez Castaño, M^a Teresa
Vieites Torreiro, Dolores

A xuntanza comezou ás dez horas coa presenza dos membros que figuran arriba.

Desculpan a súa ausencia o seguinte profesorado: Isabel García-Rodeja Gayoso, Rita Gradañlle Pernas, Ramón López Facal e Belén Caballo Villar.

Orde do día:

Punto único: Aprobación, se procede, dos informes de renovación da acreditación dos graos

Ante a ausencia da secretaria da Comisión, acórdase que actúe como secretaria accidental Dolores Vieites Torreiro.

A presidenta da Comisión de Calidade, profesora María José Méndez, informa do calendario da visita para a acreditación dos graos e que nestes momentos están rematados os informes dos Graos de Infantil e de Primaria, xunto coas accións de mellora e as actas das diferentes comisións.

A coordinadora do Grao de Educación Social pide desculpas por non presentar o informe de Educación Social, pois ten pendente de rematar as accións de mellora e esa mañá ten a defensa dunha tese.

O coordinador do Grao de Primaria sinala a dificultade de facer os informes conxuntos con Lugo e a falta de apoio desde o equipo decanal. Na elaboración do informe conxunto non houbo un mecanismo de coordinación entre os dous Campus. Esta preocupación pola coordinación co Campus de Lugo tamén foi posta de

manifesto pola coordinadora do Grao de Infantil que tamén sinalou o baixada nalgúns items do grao no Campus de Santiago.

Os coordinadores dos graos indican a necesidade de que os informes teñen que ser coñecidos por todos os sectores da Facultade e que na elaboración dos seguintes ten que haber un procedemento máis claro e participativo. Tamén manifestaron a súa queixa polo retraso e a indeterminación por parte da ACSUG nas directrices para facer o informe de acreditación así como o esforzo que tivo que realizar a Área de Calidade da USC.

A presidenta sinala que foi imposible manter reunións co profesorado e hai que pensar na estratexia para comunicar ao profesorado o contido dos informes dos títulos antes da visita pois a súa participación é necesaria á vista das accións de mellora. Acórdase ter unha reunión no mes de febreiro.

Despois dunha rolda de intervencións na que os coordinadores e coordinadoras dos graos informan das memorias elaboradas e das accións de mellora que se propoñen, apróbanse os informes de renovación de acreditación.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as once horas do día vinte de xaneiro de dous mil dezaseis, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria accidental

Asdo.: DOLORES VEITES

Visto e Prace

A Presidenta da Comisión

Asdo.: María José Méndez Lois

ACTA PROVISORIA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN CELEBRADA O 30 DE XANEIRO DE 2017

ASISTENTES:

Cebreiro López, Beatriz
Ceinos Sanz, Cristina
Cortizas Varela, Olalla
Eirín Nemiña, Raúl
Méndez Lois, María José
Priegue Caamaño, Diana
Radl Philipp, Rita
Valcarce Fernández, Margarita
Vieites Torreiro, Dolores

A xuntanza comezou ás dez corenta coa presenza dos membros que figuran arriba.

Desculpan a súa ausencia o seguinte profesorado: Xosé Armas Castro e Miguel Ángel Santos Rego.

Orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores
- 2.- Presentación e aprobación, se procede, dos informes de seguimento dos graos e másteres da Facultade
- 3.- Peticións e preguntas

1.- Apróbanse as actas da reunión ordinaria do 23 de novembro de 2015 e da extraordinaria do 20 de xaneiro de 2016

2.- Faise unha presentación dos informes de seguimento do curso 2015-16 das titulacións do Centro e explícanse das particularidades de cada unha das propostas, aprobándose por asentimento os seguintes informes:

- Grao en Mestre en Educación Infantil
- Grao en Mestre en Educación Primaria
- Grao en Pedagogía
- Grao en Educación Social
- Máster en Profesorado de Educación Secundaria
- Máster en Procesos de Formación
- Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario
- Máster en Igualdade, Xénero e Educación

A coordinadora do Máster en Igualdade, Xénero e Educación explica á Comisión a peculiaridade do informe de seguimento de dito Máster ao ser un informe parcial do primeiro ano, dun Máster de ano e medio de duración.

A vicedecana indica ás coordinacións dos títulos que o formato para a presentación do informe será en word, a entregar en Secretaría do Decanato que se encargará de pasalos a pdf antes de remitilos á Calidade e subilos á web do Centro.

A vicedecana recorda aos membros da Comisión que fagan previsión de que a mediados do mes de febreiro se fará unha nova convocatoria da mesma para elaborar a memoria de calidade do Centro e comezar o traballo de elaboración do plan plurianual e do plan de estratéxico.

3.- Peticións e preguntas

A profesora Diana Priegue, coordinadora do Máster de Investigación en Educación, solicita unha aclaración en relación ás accións de mellora que se complementan entre as accións propostas polo Centro e polo Título. A vicedecana respóndelle que si se dá certa coincidencia ao ser accións de mellora que se poden promover e desenvolver tanto a nivel de Centro como de títulos.

A profesora Rita Radl solicita que se incorpore á web do Centro a información relativa ao Máster de Igualdade, Xénero e Educación. A vicedecana respóndelle que non hai problema, só se necesita que aporte en pdf a información que queiran que conste en dita web.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as once quince horas do día trinta de xaneiro de dous mil dezasete, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria accidental

Visto e Prace

A Presidenta da Comisión

Asdo.: Dolores Vieites Torreiro

Asdo.: María José Méndez Lois